

DOMINGO 17 ORDINARIO CICLO B

PRIMEIRA 2 Re 4, 42-44

Comerán e sobrarán:

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO SEGUNDO DOS REIS

Daquela chegou de Baal-Xalixah un home, que lle traía ao home de Deus o pan das primicias: vinte pans de cebada e trigo novo na alforxa.

Eliseo díxolle: -"Dállos á xente, e que coman".

O seu servidor preguntoulle: -"Que é isto para cen persoas?".

A iso Eliseo respondeu: -"Dállos á xente, e que coman, pois isto di o Señor: comerán e sobrarán".

El serviullos á xente, que comeu; e aínda sobrou, conforme á palabra do Señor.

SALMO RESPONSORIAL Sal 144, 10-11. 15-16. 17-18

R/ (cf 16): Abres ti, Señor, a túa man e dásnos fartura

Lóuvente, Señor, as túas obras,
bendígante os teus amigos.
Pregoen a gloria do teu reino,
proclamen as túas fazañas.

Todos os ollos cara a ti agardan
que ti lles deas o sustento ao seu tempo.
Abres ti a túa man
e dálle fartura a todo ser vivo.

O Señor é xusto nos seus camiños todos,
bo en todos os seus feitos.
O Señor está cerca dos que o chaman,
dos que sinceramente o invocan.

SEGUNDA Ef 4, 1-6

Un corpo, un Señor, unha fe, un bautismo

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS EFESIOS

Irmáns e irmás:

Eu, preso polo Señor, pídivos que camiñedes segundo a dignidade da chamada que recibistes, con total humildade, sinxeleza e paciencia, aturándovos uns a outros con amor, esforzándovos por manter a unidade do espírito no vínculo da paz. Hai un só corpo e un só Espírito, do mesmo xeito que se vos chamou a unha única esperanza na vosa vocación. Hai un só Señor, unha soa fe, un só bautismo, e un só Deus e Pai de todos, que está sobre todos, por todos e en todos.

ALELUIA Lc 7, 16:

Un grande profeta apareceu entre nós, e Deus visitou o seu pobo

DOMINGO 17 ORDINARIO CICLO B

EVANXEO Xn 6, 1-15

Repartiu entre os sentados canto quixeron

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Foi Xesús á outra banda do Mar de Galilea (o de Tiberíades). Seguía unha chea de xente, porque viran os sinais que facía nos enfermos. Subiu Xesús ao monte e sentou alí cos seus discípulos. Estaba a chegar a Pascua, a festa dos xudeus. Levantou a vista Xesús e, vendo vir tanta xente cara a el, díxolle a Felipe:

- Onde imos mercar pan, para que coma esta xente? (Isto dicíao para tantealo, que el ben sabía xa o que ía facer).

Respondeulle Felipe:

- Nin medio ano de xornal chega para que cada un deles reciba un codelo.

Un dos seus discípulos, Andrés, o irmán de Simón Pedro, díxolle:

- Hai aquí un rapaz que ten cinco bolos de pan de cebada e dous peixes. Claro que, que é iso para tantos?

Xesús ordenou:

- Facede sentar a xente.

Había moita herba naquel sitio. E sentaron como uns cinco mil homes. Entón colleu Xesús os pans e, dando grazas, repartiu aos sentados canto quixeron e o mesmo os peixes. Cando se fartaron, díxolles aos seus discípulos:

- Recolledes os anacos sobrantes, para que non se estrague nada.

Entón xuntáronos e encheron doce cestas cos anacos dos cinco bolos de pan de cebada, que lles sobrarian aos que comeron. Ao veren aqueles homes o sinal que fixera, dicían: "Este si que é o profeta que había de vir ao mundo".

Entón Xesús, decatándose de que o ían vir coller para proclamar o rei, retirouse só outra vez ao monte.